



BOLETÍN RSU FEBREIRO 2021

UNIVERSIDADE DE VIGO.

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS

Febreiro 2021.



'Falamos' suma novas actividades á súa programación para o segundo cuadrimestre

'FALAMOS' INCORPORA NOVAS ACTIVIDADES VIRTUAIS AO SEU LABOR DE FOMENTO DO GALEGO ENTRE O ALUMNADO

DUVI PONTEVEDRA 01/02/2021

Promover o uso do galego como lingua de socialización entre a comunidade universitaria é o obxectivo de *Falamos*, un programa impulsado pola Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra e a Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, que propón ao alumnado novas actividades para os próximos meses, como un ciclo de conversas virtuais sobre diferentes temáticas e encontros na rede social Instagram. [+info.](#)




Foto de familia de Cereijo, Silva e Pérez, xunto coas premiadas, que participaron por videoconferencia. Foto: Deputación de Pontevedra.

OS PREMIOS SOFÍA NOVOA POÑEN EN VALOR A MIRADA TRANSFORMADORA DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS ACADÉMICOS

DUVI PONTEVEDRA 03/02/2021

Promovidos pola Deputación de Pontevedra en colaboración coa Universidade de Vigo, os [Premios Sofía Novoa](#) teñen como obxectivo pór en valor a inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de fin de máster do alumnado dos campus de Pontevedra e Vigo. Na súa quinta edición, estes galardóns recoñeceron os estudos levados a cabo o pasado curso polas egresadas Judit Cerviño, María Tenorio, Patricia Torres e Andrea López, que este xoves participaron por videoconferencia no acto de entrega destes galardóns, celebrado na sede da Deputación en Vigo. [+info.](#)



Un informe estatal alerta de que o cambio climático provoca que as especies cambien a súa distribución e abundancia nas augas españolas

UN INFORME ESTATAL ALERTA DE QUE O CAMBIO CLIMÁTICO PROVOCA QUE AS ESPECIES CAMBIEN A SÚA DISTRIBUCIÓN E ABUNDANCIA NAS AUGAS ESPAÑOLAS

M. DEL RÍO DUVI 03/02/2021

Os riscos derivados do cambio climático en España son múltiples, afectando de forma simultánea a un amplo abano de sectores socioeconómicos e sistemas naturais. Coñecer os principais impactos resulta esencial para realizar unha planificación eficaz a todos os niveis e desenvolver políticas e medidas de adaptación. [+info.](#)

Febreiro 2021.



O novo presidente da CEG reuniuse hoxe co reitor da UVigo

COLABORACIÓN E INTEGRACIÓN, CLAVES PARA UNHA MELLOR RELACIÓN ENTRE UNIVERSIDADE E EMPRESA

M^a DE CARMEN ECHEVARRÍA DUVI 04/02/2021

Desde o seu cargo de secretario xeral de Anfaco, Juan Manuel Veites colabora desde hai anos coa Universidade de Vigo nos ámbitos da investigación, a transferencia e a docencia, como lembrou o reitor da UVigo Manuel Reigosa e o propio Veites esta mañá na reunión que ambos mantiveron, a primeira tras a recente elección do secretario xeral de Anfaco como presidente da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). [+info.](#)



Un intre das medicións realizadas, antes da pandemia, nun centro educativo

UNHA INVESTIGACIÓN DEMOSTRA O POTENCIAL DA 'GAMIFICACIÓN' PARA ENSINAR REANIMACIÓN A MENORES

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 05/02/2021

As paradas cardíacas sufridas fóra dunha contorna hospitalaria constitúen a terceira causa de morte nos países industrializados, tralo cancro e as enfermidades cardiovasculares, e ante este tipo de episodios resulta vital a realización das manobras de reanimación cardiopulmonar (RCP) por parte das persoas que se atopan no lugar, ata a chegada dos servizos sanitarios. [+info.](#)



A base de datos reúne información de 280 grupos de especies e xéneros. Fotos: Adolfo Codero, Jesús Arribas, Pere Bonada, José Antonio Carbonell e María Alp

ESPECIALISTAS DE OITO PAÍSES CREAN A PRIMEIRA BASE DE DATOS SOBRE A DISPERSIÓN DOS MACROINVERTEBRADOS DE AUGA DOCE EUROPEOS

DUVI PONTEVEDRA 08/02/2021

A dispersión, a capacidade dos individuos de desprazarse dun lugar a outro, constitúe un proceso ecolóxico fundamental na biodiversidade, cunha forte influencia nas dinámicas das poboacións e comunidades de múltiples organismos. Mais, no referido a invertebrados como os artrópodos, moluscos ou crustáceos, os coñecementos existentes son limitados, dada a súa elevada diversidade biolóxica e as dificultades para levar a cabo estudos a grande escala. [+info.](#)

Febreiro 2021.



A participación está aberta ata o 18 de febreiro

O ALUMNADO PODE PARTICIPAR DESDE A CASA NA OLIMPIADA SOLIDARIA DE ESTUDO

DUVI OURENSE 08/02/2021

Desde o 18 de xaneiro e ata o 18 de febreiro, a Biblioteca Rosalía de Castro do campus de Ourense participa un ano máis na Olimpiada Solidaria de Estudo, iniciativa internacional organizada por ONGD Coopera, Cooperación Internacional e ACTEC. Nela, as horas nas súas salas de estudo transfórmanse en diñeiro solidario para unha boa causa. Debido ás medidas de loita contra a covid-19, a biblioteca está pechada ao público pero as persoas interesadas poden continuar participando nesta iniciativa desde a casa. [+info](#).



Imaxe dun dos vídeos dos talleres 'Te lo cuenta una espía'

MÁIS DE 400 ESCOLARES PARTICIPAN NUN PROXECTO DIRIXIDO A ESPERTAR VOCACIÓNS MATEMÁTICAS

DUVI PONTEVEDRA 09/02/2021

“As matemáticas percíbense como unha ciencia desconectada da vida cotiá, sen aplicacións. Unha das causas deste feito é que, en gran medida, en educación primaria preséntanse unicamente como técnicas para manexar datos numéricos”. Deste xeito presenta o grupo de innovación docente MaReMa, a motivación dun proxecto no que buscan “estimular as vocacións matemáticas” dos nenos e, especialmente, as nenas do terceiro ciclo de primaria, que levan a cabo coa colaboración da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología - Ministerio de Ciencia e Innovación. [+info](#).




Traballo en areais cos drones realizado polos investigadores da UVigo

O PROXECTO BEWATS AVANZA NA DETECCIÓN REMOTA DO LIXO MARIÑO NA COSTA GALEGA

DUVI 09/02/2021

O lixo mariño, en particular os residuos plásticos, supoñen unha seria ameaza global para os ecosistemas, tanto pola gran cantidade que chega aos mares e océanos como pola súa composición, xa que poden tardar ata 1000 anos en biodegradarse. De feito, a maior parte do lixo que se rexistra e recolle nos areais son microplásticos, o que dificulta en gran medida a súa recollida debido ao seu tamaño. [+info](#).



Un intre da presentación deste mediodía na que participaron Antonio José Redondo, Ernesto Pedrosa, Natalia Caparrini e Manuel Reigosa

OBRA DOI ROS CAMPUS DE VIGO

2º CUADRIMESTRE 2020/2021

Prazo de matrícula: do 10 ao 24 de febreiro
Prezo: 25 € / 40 €
Válidable para créditos ECTS

ORATORIA E COMUNICACIÓN PARA PROFESIONAIS • USOS DAS ÁRBORES • BANDA SONORA. A MÚSICA NA NARRATIVA DO CINE • COMUNICATE COAS MANS: LINGUA E CULTURA DA COMUNIDADE XORDA (NIVEL II) • DOMESTICACIÓN DE COSMÉTICOS • DESEÑO, PLANIFICACIÓN, IMPLANTACIÓN E MANEXO DUNHA HORTA ORGÁNICA • POSTA EN ESCENA DUNHA OBRA TEATRAL • CANTO, PERCUSIÓN, GAITA E BAILE TRADICIONAL GALEGO • INICIACIÓN AO MUNDO MAKER • OBRADOIRO BÁSICO DE UKELELE • COSMÉTICA NATURAL APROVEITANDO A CONTORNA • CARNAVAL: FESTA E POLÍTICA

Universidade de Vigo Extensión Universitaria

Matricula online: compasmatriculacion@uvigo.gal
uvigo.gal/comunicacion/obradoiros-estom-comun

Máis información: comunicacion@uvigo.gal
Extensión Universitaria
Campus de Vigo
986 833 126
extensio@uvigo.es



A investigación desenvolveuse en tres centros xeriatricos

UNHA COMUNIDADE ALUMNI PARA MATERIALIZAR O SENTIMENTO DE PERTENZA DAS PERSOAS VINCULADAS Á UVIGO

M^a DEL CARMEN ECHEVARRÍA DUVI 10/02/2021

30 anos despois do seu nacemento, a Universidade de Vigo pon en funcionamento desde hoxe a Comunidade Alumni-UVigo, un servizo que crea un novo espazo de comunicación que permite, non só manter activo o vínculo entre a institución e as persoas tituladas e outros colectivos que mantivesen relación académica ou contractual coa institución, senón tamén establecer sinerxías dentro do colectivo, que faciliten o seu desenvolvemento persoal e profesional. [+info](#).

OS OBRADOIROS DO SEGUNDO CUADRIMESTRE OPTAN POLA PRESENCIALIDADE

DUVI 10/02/2021

A programación de [obradoiros de Extensión Universitaria para o segundo cuadrimestre](#) xa ten aberta a matrícula. A oferta comprende doce alternativas de formación complementaria que abranguen temáticas tan diversas como a música ou o teatro, diferentes alternativas relacionadas coa explotación sostible da contorna, a oratoria ou o mundo maker. [+info](#).

UNHA TESE CONFIRMA OS BENEFICIOS DO EXERCICIO CON BANDAS ELÁSTICAS PARA ANCIÁNS CON PROBLEMAS DE MOBILIDADE

EDUARDO MUÑOZ DUVI PONTEVEDRA 11/02/2021

A falta de actividade física asóciase á aparición de diferentes enfermidades crónicas e constitúe un problema de saúde que se agrava naqueles sectores da poboación nos que a inactividade pode ser maior, como as e os residentes en centros da terceira idade. De aí a importancia de promover a práctica de actividade física neste colectivo, incluíndo nesta, como recomenda a Organización Mundial da Saúde (OMS), o exercicio de forza, xa que diferentes estudos teñen constatado os seus beneficios, tanto físicos como cognitivos, nesta poboación. [+info](#).



Foto de familia das premiadas co reitor, a presidenta da Deputación e a directora da Unidade de Igualdade da UVigo

UVIGO E DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA VISIBILIZAN A EXCELENCIA ACADÉMICA DE CATRO ALUMNAS COMO REFERENTES NO ÁMBITO STEM

DUVI 11/02/2021

Segundo o Observatorio da Igualdade da UVigo, as alumnas son maioría en todos os eidos do coñecemento, excepto no da enxeñaría e a arquitectura, no que representan tan só o 23% do total do estudiantado matriculado. Esta infrarrepresentación pode xerar unha enorme fenda económica e salarial nun futuro no que se agarda que o 90% dos traballos vai a pertencer a estes ámbitos. É por iso que é imprescindible avanzar na fomento de vocacións científicas e técnicas entre nenas e mozas, que é o obxectivo dos Premios GirlGeekCovid, unha iniciativa posta en marcha este curso pola Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra no marco da Cátedra Feminismos 4.0. [+info](#).



Charla virtual de Marina Gómez no CEIP A Rúa de Cangas

A LOITA DAS CIENTÍFICAS E TECNÓLOGAS POR ESPERTAR VOCACIÓNS ENTRE AS ALUMNAS DE ENSINO SECUNDARIO NON DECAE

DUVI 11/02/2021

Emoción por descubrir e fascinación por un traballo que consideran apaixonante. Científicas e tecnólogas da Universidade de Vigo uníronse este xoves á celebración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia organizando diferentes actividades coas que dar a coñecer entre as alumnas de ensino secundario as súas profesións. A pandemia non permitiu este ano a presencialidade, pero o espírito da xornada mantívose coa organización de diferentes encontros. [+info](#).



Obras gañadoras na modalidade visual

A MULLER NA CIENCIA, VISTA POLAS FUTURAS XERACIÓNS

DUVI OURENSE 11/02/2021

Co gallo da celebración cada 11 de febreiro do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, a Facultade de Ciencias, a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e a Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense alíanse para organizar diferentes actividades. Entre elas está o Concurso Escolar de Creación Artística do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia. Este xoves déronse a coñecer as e os gañadores desta iniciativa, á que nesta quinta edición se presentaron case 200 traballos. [+info](#).

Febreiro 2021.



Charla virtual de Esperanza Broullón e Cecilia Costas no CEIP A Pedra de Bueu no día de onte, no marco da iniciativa 11 de febreiro



A Vicerreitoría acolle unha mostra que rememra as traxectorias de 32 docentes e colectivos.



Gañador dunha Starting Grant do ERC, Pansera formará o seu propio grupo de investigación no campus de Pontevedra.

O DÍA DA MULLER E A NENA NA CIENCIA, TODOS OS DÍAS

DUVI 12/02/2021

Nunha semana coma esta, o Centro de Investigación Mariña da UVigo debería estar compartindo os seus laboratorios con mozos e mozas de institutos da contorna co gallo da celebración do Día da Muller e a Nena na Ciencia. Pero por mor das restricións derivadas da pandemia da covid-19, este ano as actividades estanse a celebrar en modalidade virtual. Este venres foron estudantes de 1º e 2º da ESO do CPR Alborada e do IES do Castro, ambos de Vigo, os que se achegaron, a través da pantalla, ao CIM. [+info](#).

UNHA EXPOSICIÓN PON EN VALOR AS ACHEGAS DAS MULLERES Á HISTORIA DA EDUCACIÓN

DUVI PONTEVEDRA 18/02/2021

32 paneis que poñen en valor as achegas e traxectorias de 32 docentes e colectivos de educadoras de diferentes épocas e lugares reúnen en *Educación en feminino: un paseo pola historia*, a exposición que desde este xoves e ata o 26 de marzo pode visitarse na Vicerreitoría do campus. A mostra, inaugurada nesta xornada polo vicerreitor do campus, Jorge Soto, e a directora da Área de Dinamización Cultural, Educativa e Integración do campus, Eulalia Agrelo, reúne unha serie de paneis realizados polo alumnado da Facultade de Formación do Profesorado do campus de Lugo da Universidade de Santiago. [+info](#).

MARIO PANSERA: “PARA QUE UNHA ECONOMÍA SEXA SOSTIBLE TEN QUE SER, ANTES DE TODO, XUSTA”

DUVI 19/02/2021

O pasado mes de setembro a Universidade de Vigo anunciaba a vindeira incorporación ao seu cadro de persoal investigador de dous científicos de primeiro nivel, gañadores de cadansúa axuda Starting Grant do Consello Europeo de Investigación (ERC), Mario Pansera e Sara Varela. Pansera fixo efectiva a súa chegada este mes e Varela farao nas vindeiras semanas. Adscrito á agrupación estratéxica Ecobas, ao longo dos próximos cinco anos Mario Pansera (Nápoles, 1980) levará a cabo o proxecto de investigación *Prospera, Prospering without growth: Science, Technology and Innovation in a post-growth era*, un traballo financiado con 1,5 millóns de euros polo mencionado programa Starting Grant e co que o investigador quere demostrar que “para que unha economía sexa sostible ten que ser, antes de todo, xusta”. [+info](#).



A UNIDADE DE IGUALDADE DESTINA 19.000€ PARA ACTIVIDADES QUE PROMOAN A SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE XÉNERO

DUVI 22/02/2021

A perspectiva de xénero na docencia do ensino superior é una das estratexias fundamentais para promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Esta é unha das premisas da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo e, para levala a cabo, conta con múltiples recursos didácticos, guías temáticas e varios programas de axudas, tanto para a organización de actividades docentes como de sensibilización para o alumnado, a comunidade universitaria ou o público en xeral. [+info](#).

VICERREITORÍA E AJE-PONTEVEDRA TRABALLAN CONXUNTAMENTE NA PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL NOS ÁMBITOS DO CAMPUS CREA

DUVI PONTEVEDRA 25/02/2021

A Vicerreitoría do campus de Pontevedra e a Asociación de Jóvenes Empresarios (AJE-Pontevedra) traballan conxuntamente no deseño de actividades que contribúan a difundir o potencial do emprendemento no eido da economía social nos ámbitos de coñecemento do Campus Crea. Con ese obxectivo, as dúas institucións deron forma a un proxecto conxunto, co que concorren ao programa de axudas para entidades colaboradoras da [Rede Eusumo](#) para a realización de actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social. [+info](#).



Torres, Soto e Rey, na sede da Vicerreitoría

UNIVERSIDADE DE VIGO

Unidade de Análisis e Programas.

Edificio Filomena Dato.

Planta Baixa.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689 986.818.640